

Xoves, 24 de novembro de 2022

Núm. 225

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **SILLEDA**

##### **Subvencións e axudas**

*CONVOCATORIA DAS AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS, QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑAN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2022-2023*

##### *ANUNCIO*

*(Expte. 1040/2022)*

*CONVOCATORIA DAS AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS, QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑAN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2022- 2023*

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de setembro de 2022, acordou prestar aprobación as “Bases reguladoras das axudas complementarias dirixidas ás familias, que precisan dunha protección especial así como as que teñan a todos os seus membros en situación de desemprego, para libros de texto e material escolar curso 2022-2023”, as cales foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 193 de data 07 de outubro de 2022.

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 16 de novembro de 2022 acordou aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia competitiva en materia de subvencións a unidades familiares con todos os seus membros en situación de desemprego e familias que precisen de protección especial, segundo a Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia, escolarizados en centros de ensino do termo municipal de Silleda, que vaian cursar estudos de ensinanza primaria ou secundaria obrigatoria, no curso 2022-2023. Código de identificación asignado a BDNS: 659408

Abrese un prazo de 15 días naturais contado a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, para que os interesados presenten as súas solicitudes no rexistro electrónico do Concello de Silleda, de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en impreso normalizado de solicitude que estará dispoñible na sede electrónica <https://silleda.sedelectronica.gal> e na páxina web do concello, [www.silleda.gal](http://www.silleda.gal).

Silleda, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

